




Departamento Municipal de Deportes de *Santiago*



CONCELLO DE
SANTIAGO

SOLICITUDE DE USO DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS **TEMPADA 2017/2018**

Co fin de poñer en funcionamento as **INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS** (Pavillóns, Campos de Fútbol, Pistas de Atletismo,...) para a vindeira tempada, ponse en coñecemento de todas as entidades que teñan previsto participar en **actividades de carácter periódico** (principalmente as de competición federada e as vinculadas aos centros de ensino) e que estean interesadas no uso das devanditas instalacións, que o prazo oficial de solicitude estará aberto **do martes 4 ao venres 21 do mes de xullo**.

Destinatarios, segundo orde de prioridade:

- 1- **Centros escolares** que non posúan ningún tipo de instalación deportiva para o desenvolvemento da asignatura de Educación Física.
- 2- **Clubs federados** ou que participen en competición federada oficial
- 3- **Entidades deportivas** en xeral

No caso dos clubs e entidades deportivas, serán requisitos obrigatorios:

- Estar inscrito no rexistro municipal de asociacións dentro do prazo de solicitude
- Dispoñer dun seguro de Responsabilidade Civil que cubra a actividade para a que solicita a instalación ou compromiso de contratalo no caso de que se lle ceda o uso dunha instalación.

- As solicitudes con documentación pendente, atenderanse unha vez completada toda a documentación.
- As solicitudes presentadas fóra de prazo atenderanse unha vez se realice o reparto xeral, e dentro das dispoñibilidades existentes.

Solicitudes:

Os formularios de solicitude están dispoñibles nas oficinas do Departamento de Deportes, na páxina web do Concello (www.santiagodecompostela.gal) e na do Departamento de Deportes (deportes.santiagodecompostela.gal)

Lugar de presentación das solicitudes:

As solicitudes deberán de presentarse no Rexistro Xeral do Concello (Rúa Presidente Salvador Allende, 4 Baixo - Galeras) Horario: de 9,00 a 13,00 h.

Máis información: Departamento de Deportes no 981 528 730 (de 9,00 a 14,00 h.)